ASOCIACIÓN LA ROLDANA
Por una Historia del Arte completa

OBRADOIRO DE REFLEXIÓN

A OBRA DE LLUÏSA VIDAL

Ponto de partida

No 2016, o Museu Nacional d'Art de Catalunya (MNAC) organizou unha gran retrospectiva dedicada á obra da artista modernista Lluïsa Vidal. Era a primeira vez que o museo dedicaba unha retrospectiva a unha muller artista.

Dato histórico clave para a actividade

Moitas das obras de Lluïsa Vidal foron manipuladas tras a súa morte. Como as obras de firmas masculinas estaban moito máis cotizadas no mercado da arte, a algunhas das súas pinturas borróuselles a sinatura "Lluïsa Vidal" para colocar enriba falsificacións da sinatura de Ramón Casas.
Até a gran retrospectiva do 2016, onde se reuniron máis de 70 pezas de entidades e coleccións privadas, o gran público descoñecía que o MNAC custodiaba obras desta calidade nos seus almacéns sen expoñer de maneira continuada.

Datos para a análise
Táboa comparativa da colección permanente de arte moderna do MNAC:

Artista	Xénero	Número de obras expostas habitualmente na colección permanente	Número aproximado de obras no almacén/fondo do museo
Ramon Casas	Home	+30 (salas dedicadas de forma destacada)	Centenares (debuxos, carteis, óleos)
Santiago Rusiñol	Home	+15 (presenza central)	Gran volume de obras en reserva
Lluïsa Vidal	Muller	Unicamente 2 ou 3 (principalmente o seu Autorretrato, As amas de casa ou o retrato da súa irmá Marta Vidal)	A gran maioría do seu legado no museo (unhas 9 obras principais doadas pola súa familia en 1935 e moitos debuxos de fondo)

Reflexionemos sobre...
O borrado da autoría: Moitas das obras de Lluïsa Vidal vendéronse durante décadas como se fosen de Ramón Casas.

- **Que nos di este feito sobre como se valorou económica e esteticamente a arte feita por mulleres?**
- **Que criterios cres que definen que unha obra de arte se considere de "primeiro nivel"? Son criterios puramente estéticos ou tamén sociais e de mercado?**

O MNAC tardou un século en dedicar a súa primeira exposición monográfica a unha muller artista (Lluïsa Vidal, 2016).

- **Cres que os museos teñen o deber activo de rescatar do esquecemento as obras que teñen nos seus fondos/almacéns, ou simplemente deben mostrar o que historicamente xa é famoso?**

O iceberg dos museos: Se analizas a táboa de datos da colección do MNAC, verás que Lluïsa Vidal ten a gran maioría da súa colección gardada no fondo (reserva) mentres que os seus coetáneos masculinos ocupan as paredes de forma permanente.

- **Que narrativa recibe un visitante que pasea polas salas do Modernismo do MNAC respecto ao papel da muller na arte daquel período?**
  Como inflúe o feito de que as obras estén "agochadas" nos almacéns na elección das obras que despois se estudan nas PAU (Probas de Acceso á Universidade)?

Idea, creación e edición:
Sara Espinós
Corrección y traducción:
Sara Doval
Asociación La Roldana